

“GALEGO PODE SELO
CALQUERA”



"GALEGO PODE SELO CALQUERA"

Un show de Alberte Montes

Sinopse

Ser galego é doado? Depende.

Os galegos temos un xeito de ser característico e diferenciado doutros pobos e culturas que nos rodean. Historicamente teñen empregado os tópicos para ridiculizarnos e mofarse de nós, feito que explicaría en parte que arrastremos algo de auto xenreira. Eses tempos foron pasando e agora xa somos quen de defendernos con orgullo dese estigma combatendo aos ignorantes, ríndonos dos propios defectos e chufando das nosas diferenzas.

Ata non hai moito pensábase que a baixa auto estima dos galegos era crónica pero Alberte Montes demostráranos dende o humor que non é así. Este mal ten cura e poderedes comprobalo. Ser galego non é só pararse na escaleira e facer crer á xente que non sabemos se subimos ou baixamos, para ser galego hai que reunir moitas máis aptitudes... entre elas, falar con orgullo a lingua de Rosalía.

Duración

80-90 m

Necesidades técnicas

Luz estándar para espectáculo teatral unipersoal e equipo de son básico (800-1000 W) Ideal micro de diadema. Alternativa: micro inalámbrico.

Tarima ou escenario duns 4 metros cadrados aprox.

Guión

© Xosé Manuel Fernández & Alberte Montes

ALBERTE MONTES

Formado no **Estudi Nancy Tuñón i Jordi Oliver** de Barcelona, segue ampliando os seus recursos actorais en distintos cursos de expresión corporal, voz, cásting, clown ou loita escénica.

En teatro acumula máis de quince anos como profesional, xirando por España –sendo Galicia a comunidade onde máis traballou-- en compañía e con espectáculos propios de stand up comedy. Neste xénero de comedia cómpre dicir que formou parte do elenco de cómicos da canle **Comedy Central**, onde gravou varios monólogos para o programa ***Central de Cómicos***.

En Radio ten unha dilatada experiencia como colaborador e director de programas de entretemento en diferentes radios de Barcelona e ten colaborado no programa LA VENTANA da **Cadena Ser** os meses de verán dos anos 2019, 2020 e 2021. Dende hai dous tamén protagoniza, xunto a Silvio Falcón, o **podcast 'BUENO CARALLO BUENO'**.

En televisión ten colaborado en programas televisivos da produtora **El Terrat** como *Salvados*, *Buenas noches y Buenafuente* ou *En el Aire* e noutros da **Televisión de Galicia** como *A Solaina*, *Tourilandia* e *Luar*. Nesta canle protagonizou as series de comedia *DO DEREITO E DO REVÉS* e *AUGASQUENTES*.

En cinema participou en *BIRD BOX*, película de Álex e David Pastor. Púdoselle ver tamén noutras como *EL OLIVO* de Icíar Bollaín ou *REC 4* de Jaume Balagueró. Interveu ademais en *VIDA PERFECTA* ou *MATAR AL PADRE*, ambas as de Movistar+. Actualmente forma parte do elenco de **EL PUEBLO** (Amazon/Telecinco) e foi un dos protagonistas da serie **FARIÑA** (Netflix/Antena3).

Alberte Montes tamén é guionista, director e locutor.



HERMANAGER PRODUCCIÓN

Tel. 657014555 (Xosé Manuel Fernández)

hermanagerproducciones@gmail.com

xosemanuel@hermanagerproducciones.com